

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de novembro de 2015
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día tres de novembro de 2015 reúnese o Pleno da Corporación Provincial en sesión extraordinaria, convocada por resolución da Presidencia do 29 de outubro de 2015 a pedimento dos deputados/as do Grupo Socialista, Democracia Ourensana e BNG, con asistencia dos deputados/as don don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Antes do inicio da sesión, o Sr. secretario dá conta de que os deputados/as do Grupo Popular presentaron un escrito no Rexistro Xeral da Deputación no que manifestan que non van participar neste Pleno.

Por parte do Sr. secretario anúnciase que existe quórum suficiente para o desenvolvemento do Pleno pero que ante a ausencia do presidente da Deputación deberá presidir o Pleno o deputado ou deputada de maior idade, que neste caso lle corresponde a don Vicente Gómez García do Grupo Socialista.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, pasa a ocupar a presidencia do Pleno e seguidamente, iniciouse o tratamento do asunto incluído na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta: <http://videoacta.depourense.es>

ÚNICO.- REPROBACIÓN DA CONDUCTA DO PRESIDENTE DON JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO E SOLICITUDE DA SÚA DIMISIÓN COMO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN.-

O Sr. presidente do Pleno cédelle a palabra aos portavoces dos grupos políticos para que expoñan as súas posicións ante o asunto a tratar.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto único da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Acta da sesión extraordinaria do Pleno do día 3 de novembro de 2015
--

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente do Pleno somete a votación a proposta de acordo presentada e co voto favorable da totalidade dos deputados/as presentes na sesión (8 do Grupo Socialista, 2 de Democracia Ourensana e 1 do BNG), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- O Pleno da Deputación Provincial de Ourense reprobou a conduta do seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco e demanda a súa dimisión como presidente da Deputación.

E, ás dez horas e trinta minutos do citado día tres de novembro do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,